

DE VIAJE POLO TEMPO ENTREN

10. REVOLUCIÓN INDUSTRIAL E FERROCARRIL.

VISITAS DIDÁCTICAS

10.1 FERROCARRIL E DESENVOLVEMENTO URBANO: VISITA Á VILA DO PORRIÑO

Alumnos de segundo curso da ESO

10.1.1. Introducción: xustificación

A visita pretende axudar a comprender a evolución do medio urbano máis próximo ao Instituto no que viven a maior parte dos nosos alumnos. O tema do ferrocarril convértese nunha boa ocasión para explicar o desenvolvemento urbano do Porriño, xa que a presenza deste novo medio de transporte coincide cunha primeira expansión e crecemento da vila. Coa visita preténdese que os alumnos coñezan a evolución urbana do lugar no que residen, a influencia que nese desenvolvemento tivo o ferrocarril e que aprecien os principais exemplos da arquitectura do que podemos considerar centro histórico.

As vías de comunicación desempeñaron un destacado papel na conformación das cidades ao longo da historia. A orixe da vila do Porriño debe poñerse en relación coa súa situación xeográfica nun cruce natural de camiños e coa celebración dalgún tipo de mercado ou feira. Nunha primeira etapa o espazo urbano estaría limitado á presenza dalgúns edificios á beira do camiño real a Tui e Portugal, que formarían os barrios máis antigos de San Benito e San Sebastián. Sen embargo, O Porriño é unha vila moderna, que realiza a súa principal conformación urbana gracias a dúas importantes melloras nas vías de comunicación: a aprobación da apertura da estrada de Castela entre Vigo e Villacastín en 1833 e a inauguración da liña do ferrocarril Ourense-Vigo en 1881.

A expansión urbana do Porriño ao longo do século XIX e primeira metade do XX canalizouse a través das estradas do Estado que cruzaban a vila. Estas estradas acabaron transformándose nas rúas principais da vila. A estrada de Castela inicia as súas obras na Porta do Sol de Vigo en 1934 baixo a dirección do enxeñeiro Agustín Marcoartú. Entraba no Porriño pola actual rúa Progreso e cruzaba a vila polo paso a nivel, rúa Peña, praza da Central e rúa Ramón González, para desviarse diante do Concello cara á Pontearreas. Nela (hoxe rúa Antonio Palacios) sitúase o noso Instituto. A estrada de Pontevedra a Camposcancos cruzaba a vila en sentido lonxitudinal, a través das rúas Ramiranes, Ramón

González e Manuel Rodríguez, mentres que a estrada a Gondomar xerou a actual avenida de Bos Aires.

Na beira destas estradas situouse o principal da arquitectura histórica da vila, da que son especialmente significativas as obras do arquitecto porriñés Antonio Palacios. Os alumnos de segundo da ESO iniciaron xa unha primeira aproximación ao estudio dos estilos históricos, dende o clasicismo grego ata os estilos medievais. Ademais dunha serie de exemplos de arquitectura popular con soportal, a base da arquitectura histórica da vila do Porriño está constituída por exemplos do eclecticismo, historicismo e rexionalismo, nos que se poden apreciar elementos arquitectónicos que proceden dos estilos máis antigos, como son: diversos tipos de columnas clasicistas, arcos de medio punto ou apuntados, celosías, bóvedas, capiteis, ornamentacións, etc. Os alumnos deben valorar tamén a arquitectura como un conxunto monumental xerado a finais do século XIX e principios do XX. Se ben este conxunto sufriu graves alteracións nas últimas décadas, aínda conserva parte da súa solemne harmonía en materiais e en alturas. A divulgación dos seus valores contribuirá a súa conservación, xa que o coñecemento é un primeiro paso na preservación dun ben cultural.

Ademais da atención aos espazos urbanos xerados nesta etapa e a súa arquitectura na visita tamén se prestará atención a como as principais rúas foron mellorando, co cambio do seu pavimento. Cando eran estradas do Estado presentaban un pavimento de *macadán* (composto de xábrego e pedra machucada) que xeraba diversos problemas ao formarse grandes charcos de auga no inverno e grandes poeiras no verán. Cos inicios do século XX, xa desempeñando a función de rúas principais da vila, comezaron a ser pavimentadas con lastros (*adoquín*) de produción local. As canteiras de Atios no Porriño foron nas primeiras décadas do século XX un importante produtor de lastros para pavimentar as rúas da veciña cidade de Vigo, así como outras localidades galegas.

A apertura da liña do ferrocarril da liña Ourense-Vigo marca no desenvolvemento urbano unha liña que frea a expansión cara á zona do río Louro. Espacio que incluso na actualidade permanece libre de construción agás na zona do paso a nivel. Sen embargo, a presenza do ferrocarril foi un instrumento básico no desenvolvemento económico da vila ao favorecer o acercamento de novos e afastados mercados. Nun primeiro momento contribuíu ampliar as actividades propias dunha economía de base agropecuaria, estimulando a produción de bois cebóns e galiñas que a través do ferrocarril podían chegar a diversos mercados do interior. Nesa actividade destácase a empresa “Avícola Gallega”, que, mediante un sistema de gaiolas, enviaba por ferrocarril aves vivas de curral a diversas cidades españolas, en especial a Madrid e Barcelona. A presenza do tren tamén favorece unha primeira actividade pre-industrial das canteiras de granito de Atios ao facilitar o transporte dos citados lastros para pavimentar as rúas da

cidade de Vigo e doutras localidades. Nunha segunda etapa o ferrocarril favoreceu a presenza das primeiras industrias como o matadoiro de MARUCOGA (1928) ou ZELTIA (1939).

10.1.2. Obxectivos

- Espertar o interese e a curiosidade por coñecer os elementos propios da paisaxe urbana.
- Desenvolver a capacidade de observación e análise.
- Favorecer a comprensión e explicación da paisaxe urbana máis próxima.
- Identificar as características propias do medio urbano e do medio rural.
- Recoñecer os cambios e transformacións do medio urbano que se produciron co paso do tempo.
- Valorar a incidencia do ferrocarril sobre o desenvolvemento urbano.
- Comprender a importancia das vías de comunicación na expansión urbana de vilas e cidades.
- Observar e recoñecer algúns elementos arquitectónicos empregados por diversos estilos: arcos de medio punto e apuntados, arcos escarzos, columnas clásicas, ménsulas, capiteis, etc.
- Valorar a importancia dun material tan porriñés como o granito na conformación da imaxe da arquitectura da vila.
- Valorar a importancia do conxunto arquitectónico da zona histórica da súa vila.
- Desenvolver actitudes de respecto polo patrimonio arquitectónico urbano e interese pola súa conservación e recuperación.

10.1.3. Sesión preparatoria:

Traballo co plano do Porriño actual, mostrando sobre el a evolución urbana das antigas estradas que atravesaban a vila: estrada de Castela, estrada de Pontevedra a Camposancos e ramal a Gondomar. Comprobación dos diversos trazados de rúas: irregulares as máis antigas, regulares as modernas. Localización de rúas que pola seu carácter angosto e irregular parecen as máis antigas da vila: Aloques, Servando Ramilo, Cando, etc. Traballo con imaxes antigas da vila. Presentación mediante imaxes dos principais monumentos da vila e comentario sobre algún dos seus autores.

10.1.4. Percorrido

Iníciase na zona da estación do ferrocarril para observar a súa arquitectura e como o ferrocarril creou unha liña que freou a expansión urbana cara a esa zona da vila. Continúa cara a praza da Central, espacio definido polo cruce de camiños e estradas. O percorrido segue cara ao Parque do Cristo, como espacio de alameda, acondicionado segundo os gustos da época. Da praza da Fonte do Cristo continúa cara a praza do Concello, como espacio tamén nado do cruce de estradas. Ampla parada para observar a arquitectura popular con soportal, as diversas edificacións eclécticas e o magnífico exemplo de arquitectura rexionalista da casa do Concello, proxectada por Antonio Palacios. A ruta continúa pola rúa González e Manuel Rodríguez para observar “villa Florida” e a igrexa parroquial. Remátase co paso polo barrio de San Benito e San Sebastián e antigo “Campo da Feira” no que se sitúa o templete do Metro de Madrid.

10.1.5. Contidos

- **A PRESENCIA DO FERROCARRIL E A SÚA INCIDENCIA NA ESTRUCTURA URBANA.** A apertura da liña de Ourense a Vigo no ano 1881 e construción da estación do Porriño.

OBSERVACIÓN DURANTE A VISITA

- **O trazado da liña** o seu paso pola vila para comprobar como só foi traspasada pola edificación na zona do paso a nivel. Problemas que xera un paso a nivel no centro da vila.
- **Arquitectura da estación:** carácter, excesiva ornamentación ou sobriedade, funcións, materiais, elementos arquitectónicos destacables, etc.
- **A PLAZA CENTRAL E AS ANTIGAS ESTRADAS.** A praza Central como cruce da antiga estrada de Castela coa de Pontevedra a Camposancos.

OBSERVACIÓN DURANTE A VISITA:

- **Transformación das antigas estradas** nas rúas principais do centro da vila. Comprobación como a presenza da estación xerou a rúa que comunica esta praza con ela. Limitacións que provocou neste espacio a presenza do paso a nivel.
- **Arquitectura de posguerra:** antigo edificio da Caixa de Aforros de Vigo (Arquitecto: Antonio Cominges Tapias). Observación dalgúns dos seus elementos máis singulares. Similitudes e diferencias con outros edificios máis antigos deste espacio.
- **PRAZA E PARQUE DO CRISTO.** A conformación de novos espacios urbanos ao final do século XIX. O parque ou alameda como espacio de paseo e recreo.

OBSERVACIÓN DURANTE A VISITA:

- **A importancia dos filántropos** na conformación de novos espazos urbanos: a doazón do parque do Cristo por Servando Ramilo Nieves. Un novo espazo para pasear e ser visto. Un espazo para a diversión: o palco da música.
- **A capela do Cristo:** visita ao interior e observación da súa planta. No exterior elementos característicos do historicismo.
- **O cruceiro da praza do Cristo:** observación das distintas partes do cruceiro, iconografía relacionada coa Piedade, o fuste e os instrumentos da Paixón...
- **A fonte do Cristo:** A primeira contribución de Antonio Palacios á vila na que naceu. Observación dos seus trazos singulares, en especial da cerámica executada polo gran ceramista español Daniel Zuloaga.
- **Botica Nova:** edificio construído cara ao ano 1909 por Antonio Palacios Ramilo para o seu irmán José, farmacéutico na vila. Nesta botica celebráronse parladoiros coa intervención de Ramón Cabanillas, Enrique Peinador, Alexo Diz Xurado, Darío Álvarez Limeses, Manuel Paz Varela, etc. Observación dos trazos singulares do edificio: cantería, mosaico superior, sobriedade, etc.
- **Edificio “Jerezana”,** como exemplo de eclecticismo. Observación do traballo de cantería, ornamentación, composición, elementos arquitectónicos, etc.
 - **PRAZA DO CONCELLO.** Espacio conformado polo bifurcación da estrada de Vigo a Villacastín e a estrada de Pontevedra a Camposancos.

OBSERVACIÓN DURANTE A VISITA:

- **Distintos tipos de pavimento:** lousas e adoquín.
- **Diversas funcións** das edificacións: vivendas, edificio institucional, etc.
- **Características das construcións:** altura, fachadas, medianeiras, materiais, ornamentación, sobriedade, etc.
- **Arquitectura popular** con soportal: funcións, características, tipos de soportal...
- **Edificios de vivendas eclécticos:** Observación e identificación dalgúns elementos propios deste estilo. Valoración de elementos singulares como a mansarda e o miradoiro de fundición. Valoración do granito como material constructivo. Recoñecemento de elementos básicos da arquitectura histórica: arcos, columnas, capiteis, ménsula, ornamentacións, etc.
- **Arquitectura rexionalista:** edificio do Concello (1919-1924) proxectado por Antonio Palacios Ramilo. Observación da serie de elementos tomados da arquitectura medieval

galega: arcos de medio punto e apuntados, celosías, ménsulas, bóvedas, capiteis, ameado, ornamentacións, etc. O desexo de facer unha arquitectura de raíces galegas.

- **A importancia dos filántropos** na xeración do patrimonio arquitectónico do Porriño: Ramón González e o edificio do Concello.

- **“VILLA FLORIDA”** (Mestre de obras: Jenaro de la Fuente Domínguez). Antiga “Villa Angelita” como exemplo da arquitectura de promoción indiana. Manuel Rodríguez e Angelina Bonín potentes indianos. Observación dos trazos xerais do eclecticismo neste suntuoso inmovible. Valoración do traballo dos canteiros na minuciosa ornamentación.
- **IGREXA PARROQUIAL.** (Arquitecto: Manuel Felipe Quintana Ochoa). Historicismo neomedieval. Observación dos elementos que se toman da arquitectura medieval. Interior: comprobación do tipo de planta, tipo de arcos, localización da cabeceira e da ábsida, tipo de bóveda, vidreiras, ornamentación, altares, etc. Contribución dos filántropos e indianos á construción deste templo.
- **BARRIOS DE SAN BENITO E SAN SEBASTIÁN.** Paso por este dous antigos barrios para comprobar un tipo de arquitectura máis popular, aínda que moi alterada por reformas e pola presenza de novas construción. Visita a **capela de San Benito** (eclecticismo), observando os elementos arquitectónicos que incorpora. O barrio de San Benito é un antigo espazo para o ocio e a diversión: o palco da música (proxecto de Isidro Palacios). Visita a vella ermida de San Sebastián (comparación cos exemplos anteriores de edificación relixiosa).
- **ANTIGO CAMPO DA FEIRA:** Un espazo transformado en parque, con perda do antigo arborizado e de parte do seu espazo. O templete do Metro de Madrid, obra de Antonio Palacios.
- **A EXPANSIÓN DO PORRIÑO.** Comprobación no traxecto ao Instituto da diferenza entre a parte máis antiga e a nova na arquitectura e na conformación das rúas.

10.1.6. Cuestionario – observación

1. Rematada a visita serías capaz de distinguir a zona histórica o antiga do Porriño da nova. Explica os argumentos nos que te baseas para facer esa diferenciación (tipos de rúas, anchura, prazas, tipos de edificios, etc.).
2. Explica a importancia que teñen as vías de comunicación (antigas estradas e ferrocarril? no desenvolvemento urbano do Porriño. Sinala que rúas teñen unha orixe relacionada coas antigas estradas que atravesaban a vila.
3. ¿Que importancia lle concedes ó ferrocarril na expansión urbana do Porriño? ¿Mellorou a economía da vila a partir de 1881 cando chega ao Porriño? ¿Afectou o desenvolvemento urbano?

4. ¿Escribe un comentario sobre o excelente traballo que deixaron os canteiros nalgúns edificios? ¿Que edificios che sorprenderon máis pola calidade dese traballo? ¿Crees que unha característica da arquitectura do Porriño e a súa boa cantería? ¿Pensas que é importante?
5. Na praza do Concello atopas ou distingues diversos estilos arquitectónicos. Describe as diferencias que atopas entre os edificios (formas, tipos de soportais, tamaño, suntuosidade do materiais e do seu tratamento, diferencias na ornamentación, etc.)
6. ¿Que edificios foron proxectados polo afamado arquitecto porriñés Antonio Palacios Ramilo? ¿Cal é o que máis che impresionou? ¿Por qué?
7. En que edificios do Porriño atopas elementos relacionados coa Idade Media. Sinala algúns deses elementos.
8. Escribe a túa opinión sobre o edificio de “Villa Florida” ¿Distínguese sobre os demais da rúa? ¿Que elementos che chamaron máis a atención? ¿Recordas quen era un indiano? ¿Está en consonancia esa casa co fortuna que alcanzaron algúns emigrantes?
9. ¿Pensas que é importante conservar os edificios máis antigos e destacados da vila como expresión do noso pasado? Explica os teus argumentos, tanto a favor como en contra.
10. Escribe un comentario sobre a visita que acabas de realizar. Sinala os aspectos positivos e os negativos da mesma.

10.1.7. Actividades complementarias

- Trazar sobre un plano actual do Porriño as antigas estradas que conformaron a trama urbana da vila. Marcar a zona que consideramos histórica e os novos barrios.
- Realizar un traballo no que cada alumno recolla a opinión dos seus familiares maiores de como recordan a vila e os cambios que se foron producindo nela.
- Elaborar un informe sobre a vida e obra do arquitecto porriñés Antonio Palacios.
- Elaborar un glosario con termos básicos relacionados coa arquitectura histórica: arco de medio punto, arco apuntado, capitel, columna, ménsula, nave, ábsida, bóveda, celosía, claustro, contraforte, etc.
- Traballo colectivo: elaborar un panel con imaxes antigas da vila, procedentes de libros ou postais, con fin de comprobar en imaxes a evolución urbana da vila.
- Realizar unha sinxela ficha sobre os principais edificios e espazos da vila co apoio de bibliografía ou busca en Internet.
- Buscar información (imaxes e textos) sobre o importante patrimonio arquitectónico desaparecido: pazo de Ramiranes, escola Fernández Areal e edificio de Avelino Villasuso.

10.2. FERROCARRIL E DESENVOLVEMENTO URBANO: VISITA A ZONA HISTÓRICA E ENSANCHE DA CIDADE DE VIGO

Alumnos de cuarto curso da ESO

10.2.1. Introducción: xustificación da visita

Esta visita é complementaria da que realizan os alumnos e as alumnas de segundo curso da E.S.O. á vila do Porriño. Os participantes nesta saída comprobarán como o ferrocarril tivo tamén unha marcada influencia na expansión cara ao leste da cidade de Vigo e como as vías de comunicación desempeñaron un papel fundamental no ensanche decimonónico. Os alumnos de cuarto da ESO pechan este curso unha primeira aproximación global á historia, que iniciada no primeiro curso culmina neste ano co acercamento á comprensión da etapa contemporánea. Nese contexto a cuestión da presenza do ferrocarril, fundamental para comprender ese período, convértese nun argumento válido para introducir aos alumnos no tema da evolución das cidades no século XIX e dos ensanches, así como para iniciar a comprensión dos estilos arquitectónicos dominantes a finais do século XIX e principios do XX.

Se ben dende o inicio do século XIX Vigo recibe varios proxectos de Nova Poboación, son as antigas estradas que entraban na cidade as protagonistas da primeira expansión da cidade, xa que nas súas beiras foi crescendo a edificación, dando orixe a novos barrios fóra das murallas. Partindo desa estrutura viaria preexistente de estradas complétase o ensanche burgués da cidade ao longo do século XIX e nas primeiras décadas do XX. Neste contexto, a análise do trazado viario convértese en básico para comprender o desenvolvemento urbano, xa que sobre ese trazado levantáronse os edificios máis representativos de esa época, dando orixe a un conxunto monumental de gran relevancia.

Os diversos proxectos de Nova Poboación (Fausto Caballero (1807), José Müller, Carlos María Abajos, Agustín Marcoartú (1841), con diversas variantes e solucións, pretendían crear un novo espacio urbano sobre o barrio e praia do Areal, gañándolle terreo ao mar entre a cidade histórica e Guixar. A obras da Nova Poboación iníciáanse en decembro de 1857, trala aprobación do proxecto definitivo trazado polo enxeñeiro José

María Pérez. A ambiciosa planificación non vai adiante, concretándose só unha pequena parte, o espacio situado entre a praza de Compostela e o mar, coñecido hoxe como “Ensanche de García Olloqui”. Sen embargo, deste proxecto nacen dúas importantes vías de comunicación: o camiño de circunvalación á Nova Poboación (hoxe rúas Policarpo Sanz e García Barbón) e o enlace deste camiño coa estrada de Castela (actual rúa Colón). Fracasada a planificación urbanística proposta polo Estado, a cidade de Vigo acelera a súa expansión ao longo das estradas que comunicaban a cidade con outras localidades. O derribo das murallas a partir do ano 1861 permitiu o enlace da cidade vella cos barrios nados fóra do recinto amurallado, dando continuidade a unha primeira expansión da cidade que se producira sen planificación no sector leste. A administración municipal límitase a activar proxectos de aliñacións de rúas e pequenos ensanches (planos de Domingo Rodríguez Sesmero e Ramón Vázquez), cos que se abrían novas rúas que comunicaban estas vellas estradas, que acaban transformadas nas principais rúas do ensanche. A estrada de Castela dá orixe ás rúas de Príncipe e Urzaiz; a vella estrada de Pontevedra ás rúas Victoria e Areal, cun tramo da praza de Compostela; o Camiño de Circunvalación ás citadas de Policarpo Sanz e García Barbón.

A construción da estación terminal do ferrocarril, coa variación do seu emprazamento, favoreceu o maior e natural dinamismo do ensanche do sector leste da cidade. A presenza da estación provocou a ampliación do primeiro tramo da actual rúa Urzaiz e a redacción dos proxectos das novas rúas Lepanto, para comunicar a estación do tren coa rúa Urzaiz, e Alfonso XII, coa intención de conectar co Camiño de Circunvalación. Nos aspectos económicos, como se comprobaba no caso do Porriño, o ferrocarril favoreceu a expansión da cidade de Vigo, facilitando novos mercados ao sector conserveiro, o único que nesta etapa alcanza en Galicia unha verdadeira industrialización.

Esta primeira expansión urbana queda regularizada en 1878 co plano que encarga o Concello de Vigo a Manuel Fernández Soler en 1878. Este plano, que hoxe podemos considerar como o primeiro plan xeral de ordenación urbana de Vigo, enlaza mediante rúas transversais os citados viais preexistentes. O citado plano ten unha gran relevancia, xa que canaliza a expansión urbana por un longo período de tempo, ata que o enxeñeiro Ramiro Pascual conclúe en 1907 a redacción dunha nova planificación, na que se inclúe o trazado da Gran Vía. Ramiro Pascual amplía o ensanche a un gran espacio delimitado polo leste por Guixar e extremo occidental da estación do ferrocarril e Couto de San Honorato; polo sur rodea por primeira vez ao monte do Castro, mentres que polo oeste chegaba á praia de Coia e zona de Peniche, na bifurcación das estradas de Baiona e Bouzas. Anteriormente, cara o ano 1880, Fernández Soler trazara a apertura da Travesía de Vigo (hoxe rúa Elduayen), que comunicaba os sectores leste e oeste do ensanche, incomunicados pola presenza da cidade histórica. Coa finalización do século XIX o

enlace entre os dous sectores do ensanche complétase na fronte marítima co derribo da batería da Laxe e a construción dun dique que permite a apertura da rúa Cánovas del Castillo.

Ademais do coñecemento do trazado viario e da comprobación da diferenza dese trazado na cidade histórica e no ensanche, a visita pretende tamén introducir aos alumnos no coñecemento dos estilos arquitectónicos propios do centro histórico e do ensanche. Se ben a arquitectura da zona vella da cidade de Vigo carece dos exemplos notables doutras cidades galegas, como Santiago de Compostela, Ourense ou Lugo, o ensanche do século XIX e primeiras décadas do XX amosa un destacadísimo conxunto monumental, caracterizado e singularizado pola presenza de magníficos tratamentos graníticos das fachadas. Cunha gran suntuosidade danse cita nese conxunto os estilos propios dese período como o eclecticismo, historicismo, rexionalismo, modernismo, art déco, etc. Tamén é destacada a actuación dalgúns mestres de obras titulados e arquitectos, como Alejandro e Domingo Rodríguez Sesmero, Jenaro de la Fuente Domínguez, Michel Pacewicz, Antonio Palacios, Manuel Gómez Román, etc. Técnicos que dan resposta ás aspiracións de distinción social dunha nova e poderosa burguesía nacida das actividades relacionadas co mar. A secuencia de implantación dos diversos estilos outorga tamén claves para interpretar a evolución da cidade. Así os exemplos dos estilos medievais, renacentistas ou barrocos sitúanse na zona histórica máis antiga, mentres que os do modernismo, historicismo ou eclecticismo caracterizan o ensanche. A arquitectura moderna contemporánea marca a imaxe dos novos barrios.

10.2.2. Obxectivos

- Espertar o interese e a curiosidade por coñecer os elementos propios da paisaxe urbana.
- Desenvolver a capacidade de observación e análise.
- Recoñecer os cambios e transformacións do medio urbano que se produciron co paso do tempo.
- Comprender o proceso de urbanización ao longo das diversas etapas da historia ata chegar á cidade actual.
- Analizar e valorar a incidencia do ferrocarril no desenvolvemento urbano.
- Comprender a importancia das vías de comunicación no desenvolvemento de vilas e cidades.
- Valorar a importancia dos materiais propios do país na definición das peculiaridades dos estilos arquitectónicos en Galicia.
- Identificar algunhas dos trazos básicos polos que se diferencian uns estilos dos outros.

- Desenvolver actitudes de respecto polo patrimonio arquitectónico urbano e interese pola súa conservación e recuperación.

10.2.3. Sesión preparatoria

Traballo con planos de Vigo para comprobar a evolución da cidade: plano de Leonardo Turriano de 1597, planos militares do século XVIII, plano de Francisco Coello de 1856, planos dos diversos proxectos de Nova Poboación e dos planos de Manuel Fernández Soler de 1878 e Ramiro Pascual de 1907. Traballo cun plano actual da cidade de Vigo, marcando as diversas etapas da evolución da cidade e apreciando os diversos trazados viarios peculiares de cada época. Breve presentación dos estilos mediante diapositivas.

10.2.4. Percorrido

Percorrendo un tramo relativamente curto é posible ver parte da zona histórica e do ensanche, observando os diversos trazados de rúas e exemplos dos estilos arquitectónicos destes dous espazos urbanos. A visita iníciase na praza de Almeida para ver un exemplo de arquitectura renacentista e observar as características da antiga rúa Real e doutras rúas do centro histórico. Nas proximidades da citada praza atópase o templo neoclásico da Colexiata de Santa María. O percorrido continúa pola praza da Constitución con exemplos de arquitectura barroca civil, arquitectura ecléctica con soportal. Praza da Princesa (antiga Pescadería) e Porta do Sol, con exemplos de arquitectura ecléctica decimonónica e modernista no tránsito da zona histórica ao ensanche. Xa no ensanche, segue pola rúa Policarpo Sanz (eclecticismo académico, *art-deco*, modernismo); rúa Reconquista (arquitectura rexionalista, ecléctica, rexionalista); praza de Compostela e rúa Montero Ríos (ensanche ortogonal de García Olloqui, racionalismo, modernismo, eclecticismo); rúa Concepción Arenal, rúa Arenal e parte de Colón (eclecticismo, racionalismo, art-déco); rúa García Barbón (historicismo neomedieval); rúa Urzaiz e Príncipe (eclecticismo). Remata o percorrido coa visita ao antigo Cárcere, hoxe Museo de Arte Contemporánea (MARCO), exemplo de rehabilitación e conservación do patrimonio.

10.2.5. Contidos

- **A CIDADE HISTÓRICA, DENDE O MEDIEVO ATA A IDADE MODERNA.** Unha cidade aberta sen murallas. O primeiro plano de Vigo, atribuído a Leonardo Turriano e atopado entre papeis de 1597 no arquivo de Simancas.

OBSERVACIÓN DURANTE A VISITA

- **Distintos tipos de rúas**, aliñacións (rectas, quebradas, irregulares, etc.) ancho, trama urbana de rúas (tortuosa, ortogonal, xeométrica, lineal, etc.).
 - **Praza da Constitución**: funcións da praza como mercado, arquitectura asoportalada, arquitectura barroca civil.
 - **Tipos de edificios**: vivenda colectiva, igrexas...
 - **Características das construcións**: altura, fachadas, medianeiras, materiais, ornamentación, sobriedade, etc.
 - **Diversos tipos de pavimento**: lousado, chapacuña (rúa da Laxe)...
 - **Arquitectura renacentista**: casa-torre da familia Pazos Figueroa (hoxe casa de Portugal). Observación e identificación dos elementos definitorios deste estilo.
- **A CIDADE AMURALLADA**: Vigo transformado en praza Militar. A construción da muralla (1656 - 1665) e dos castelos do Castro e San Sebastián no transcurso da Guerra de Restauración Portuguesa. (1640-1668). Enxeñeiros: Juan de Villarroel, Carlos e Fernando Grunemberg. Planos militares do século XVIII e plano da cidade amurallada de Francisco Coello (1856).

OBSERVACIÓN DURANTE A VISITA

- **Arquitectura barroca**: casa de Pereira de Castro na praza da Constitución. Identificación e observación dos elementos característicos deste estilo.
 - **Disposición con soportal** da edificación da praza de Compostela. Funcións.
 - **Arquitectura neoclásica**: Igrexa Colexiata de Santa María. Arq. Melchor de Prado Mariño. Observación e identificación de elementos propios dese estilo.
 - **Arquitectura militar**: Castelo do Castro e restos do Castelo de San Sebastián (zona traseira do actual Concello).
 - **Arquitectura popular**: exemplos de casas mariñeiras no barrio do Berbés. Tipoloxía de casa con balconada sobre grandes ménsulas, escaso ancho de fachada e gran lonxitude da planta.
- **ENSANCHE**: Os proxectos de Nova Poboación: Fausto Caballero (1807), José Müller (1810), Carlos María Abajos, Agustín Marcoartú (1841), José María Pérez (1853), Joaquín Bellido (1860). Derribo do primeiro tramo das murallas (1861); trazado da rúa Carral. Fracaso dos proxectos de Nova Poboación. Realización do Ensanche de García Olloqui, entre a praza de Compostela e o mar), Plano de Julio Valdés do ensanche de García Olloqui (1874). Trazado do Camiño de Circunvalación (hoxe rúas Policarpo Sanz e García Barbón). Apertura do enlace do camiño de circunvalación

coa estrada de Castela (hoxe Colón); Plano de Ramón Vázquez (1870); Plano de Domingo Rodríguez Sesmero (1874); Trazado do Camiño de Ronda, 1874 (hoxe Rolda de don Bosco). O ferrocarril: ampliación do primeiro tramo da rúa Urzaiz ata as proximidades da estación do tren. Trazado da rúa Lepanto para comunicar con Urzaiz e trazado da rúa Alfonso XII para comunicar co Camiño de Circunvalación. Plano de Manuel Fernández Soler (1878). Plano de Ramiro Pascual (1907).

OBSERVACIÓN DURANTE A VISITA

- **Características das rúas do ensanche.** Tipo de aliñacións, ancho, trama urbana, etc. Comparación coas rúas da zona histórica.
- **Tipos de pavimentos:** os lastros (adoquín).
- **Tipos de edificios:** vivenda colectiva burguesa, teatros, cines, bancos, igrexas, etc.
- **Carácter da edificación:** modesta, suntuosa, simple, moi ornamentada, sobria, etc.
- **Carácter do conxunto edificado:** harmonía en materiais, materiais das fachadas, materiais dos balcóns, os miradoiros, etc.
- **Trazos de singularidade:** o predominio do granito e o magnífico traballo dos mestres canteiros.
- **As primeiras manifestacións do eclecticismo:** antigo edificio do Concello e antiga Cárcere (Arquitecto: **José María Ortiz**). Casa Bárcena da Rúa Real (Mestre de obras titulado: **Manuel de Uceda**. Observación e identificación dos elementos propios deste estilo.
- **Arquitectura ecléctica decimonónica:** Edificio Blanco da rúa Areal (Mestre de obras titulado: **Alejandro Rodríguez-Sesmero González**); Casa Bárcena (hoxe centro social, cultural e informativo de Caixanova); Casas para Bernardo Rodríguez da esquina de Colón e Príncipe, Casa Arbones Carballido da rúa Elduayen 4, casa Ledo da Porta do Sol, casa de Prudencio Nandín na praza de Compostela, edificio González Salgado de Montero Ríos, Edificio Bonín, casas de Álvaro López Mora de Colón (Mestre de obras **Jenaro de la Fuente Domínguez**); Edificio “O Moderno” de Policarpo Sanz, esquina a Carral, casa Acuña Soage de Policarpo Sanz 23, casa de Salvador Aranda Graña da rúa Concepción Arenal 1, Casas de Oya (Hotel NH) de García Barbón, casa de Rosendo Silva (Arquitecto: **Michel Pacewicz**), conxunto de edificios do primeiro tramo da rúa Urzaiz. Observación e identificación dos elementos peculiares e característicos deste estilo. Valoración da suntuosidade deste arquitectura e do conxunto que xera no ensanche vigués, como estilo predominante.

- **Historicismo neomedieval:** Escola de Artes e Oficios e Edificio Yáñez da praza de Compostela (Arquitecto: Michel Pacewicz); Igrexa de Santiago de Vigo (Arquitecto: Manuel Felipe Quintana Ochaíta).
- **Modernismo temperado e singular:** Edificio Pardo Labarta da Porta do Sol, edificio de Camilo e Benigno Fernández da rúa Urzaiz (Mestre de obras: Jenaro de la Fuente Domínguez); Edificio Simeón da Porta do Sol, edificio Mülder de Montero Ríos, casa de Saturnino García na praza de Compostela (Arquitecto: **Manuel Gómez Román**); casa Pérez Boullosa da praza de Compostela (arquitecto: **José Franco Montes**). Observación e identificación das características deste estilo e das peculiaridades que presenta na cidade de Vigo.
- **A obra de Antonio Palacios no ensanche vigués:** Teatro García Barbón (hoxe Centro Cultural Caixanova) e Banca Viñas Aranda da esquina das rúas Reconquista e Marqués de Valladares.
- **Eclecticismo dos anos vinte:** Banco de Vigo (hoxe Pastor), edificio de Correos (Arquitecto: Manuel Gómez Román); casa dos Irmáns Suárez do ángulo das rúas Montero Ríos e García Olloqui (Arquitecto: José Franco Montes) (esquina.) Garaxe Americano da rúa García Barbón, edificio comercial da rúa Areal 18 (Arquitecto: **Jenaro de la Fuente Álvarez**) Observación e identificación das características deste estilo.
- **Rexionalismo:** edificio da esquina das rúas Reconquista e Marqués de Valladares (Arquitecto: Manuel Gómez Román); Cine Fraga (Arquitecto: Luís Gutiérrez Soto). Observación e identificación das características deste estilo.
- **Art déco:** edificio Sanchón e casa Ribas Barreras da esquina de Marqués de Valladares e Colón (Arquitecto: **Francisco Castro Represas**). Observación e identificación das características deste estilo.
- **Racionalismo:** casa de Cesáreo González da praza de Compostela, Club Náutico, edificio Curbera, edificio Barreras da rúa Colón 4 (Arquitectos: Francisco Castro Represas e **Pedro Alonso**); casas dos números 6, 7 e 9 da praza de Compostela (Arquitecto: Jenaro de la Fuente Álvarez). Observación e identificación das características deste estilo.

10.2.6. cuestionario observación

1. ¿Rematada a visita, serías capaz de distinguir a cidade histórica do ensanche das últimas décadas do século XIX e primeiras do XX? Explica en que criterios te bases para

facen esa diferenciación (trazado, forma e amplitude das rúas, pavimentos, tipos de edificios, arquitectura, etc.)

2. ¿Que importancia teñen as antigas estradas no desenvolvemento dese ensanche? ¿A que rúas deron orixe? ¿A chegada do ferrocarril e a presenza da estación afectou a consolidación do ensanche?

3. ARQUITECTURA

3.1. ¿Que impresión che causou a arquitectura da zona histórica? Escribe un pequeno comentario sobre a impresión que che causou a igrexa colexiata? (sobriedade, elegancia, demasiada decoración, austeridade...) Indica algunha característica do estilo neoclásico que observaras nesa igrexa.

3.2. Sinala algunha característica que afecte a todo o conxunto arquitectónico da zona do ensanche en relación cos materiais predominantes, decoración, traballo dos canteiros, suntuosidade, etc.

3.3. ¿Serías capaz de sinalar algún elemento decorativo ou constructivo polo que podas diferenciar os diversos estilos do ensanche (eclecticismo, modernismo, historicismo, rexionalismo...)?

3.4. ¿Que dous edificios do ensanche proxectou o voso veciño porriñés Antonio Palacios Ramilo? ¿Cal che pareceu máis interesante? ¿Que aspectos destacarías desas obras? Correspóndese coa súa que ten ese arquitecto.

3.5. ¿Que importancia lle darías á conservación dos edificios da zona histórica e do ensanche? ¿Que pensarías se tomaran a decisión de derrubar algún? Explica os teus argumentos.

4. MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEO (MARCO)

4.1. ¿Que pensas da decisión de converter unha antiga cárcere en museo? ¿Foi unha acertada decisión ou pensas que houbera sido mellor construír un novo edificio? ¿Que impresión che causou a arquitectura do exterior do edificio? ¿Como cualificarías a remodelación interior? Explica os teus argumentos.

4.2. Escribe a túa impresión das exposicións que observaches no Museo de Arte Contemporánea. Achega a túa opinión con total liberdade. Ademais de comentar aspectos das mostras, explica se son interesantes ou non, comprensibles, sorprendentes, etc.

4.5 Escribe un comentario sobre a visita que acabas de realizar. Sinala os aspectos positivos e os negativos da mesma.

10.2.7. Actividades complementarias

- Marcar sobre un plano da cidade de Vigo as zonas correspondentes á zona histórica, ao ensanche e a zonas modernas partindo da observación do trazado, anchura e disposición das rúas. Sinalar no plano con distinta cor as antigas estradas, transformadas en rúas principais.
- Elaborar un resumo das características da zona histórica e do ensanche, incluíndo os estilos arquitectónicos peculiares de cada espacio.
- Buscar información sobre a transformación das cidades no século XIX e sobre os ensanches das cidades españolas.
- Comparar o plano do ensanche de Vigo, cos de Barcelona (Idelfonso Cerdá) ou Madrid (Carlos María de Castro), máis xeométricos e ortogonais. Sinala as diferencia entre un trazado ortogonal e un trazado irregular.
- Confeccionar unha ficha coas características máis singulares dos estilos do ensanche, buscando o apoio de bibliografía ou busca en Internet.
- Elaborar un glosario propio de temas de urbanismo, con palabras como aliñacións, hinterland, metrópoles, megalópoles, plano ortogonal, plano irregular, plano radiocéntrico, cidade xardín, cidade liñal, ensanche, área metropolitana, conurbación, cidade-satélite, infraestructuras, etc.

10. 3. VISITA Á ESTACIÓN DE REDONDELA. Restauración dun vagón: de vagón de mercadorías a aula didáctica.

A oportunidade de rescatar de ser desmantelado un vagón de mercadorías con medio século de antigüidade foi o motivo que animou o alumnado a restaurar esta peza histórica do material ferroviario que se atopaba abandonada na estación de Redondela. A idea xurdiu durante a elaboración dos traballos do Seminario Permanente “As comunicacións ferroviarias”.

Considerouse que esta idea se podería aproveitar como unha actividade extraescolar, dado o seu carácter socializador, fomento do traballo en equipo, respecto co medio ambiente e preservación do patrimonio histórico. No seu desenvolvemento é necesario destacar o alto interese amosado polo alumnado que o tomaron como un “reto” pola dificultade que entrañaba unha obra desta envergadura e polo tipo de material de que se trataba. Os alumnos amosaron tan alto grado de implicación neste proxecto que xestionaron pola súa conta a doazón de material por empresas, en especial madeira, para poder levar a cabo a restauración.

Despois de varios anos de paciente traballos o vello vagón de mercadorías perdeu o óxido da súa estrutura metálica e as madeiras antes reladas e podres recuperaron o seu esplendor e o seu aspecto orixinal, coa mesma cor que tiña cando saíu da fábrica na que se construíu no ano 1954. Neste curso procedeuse á limpeza e repintado do interior para preparar xa os últimos traballos a desenvolver en vindeiras datas para transformar o vagón en *aula didáctica*. Esta actividade, e dentro das limitacións lóxicas ven a imitar as actuacións levadas a cabo no Museo Ferroviario de Monforte de Lemos e que creemos que dentro do noso contexto é visita obrigada.

10.3.Datos de interese

- Este vagón fabricado no ano 1954 foi empregado basicamente para o transporte de gando.
- 35 alumnos e alumnas do IES “Pino Manso” do Porriño participaron nas tarefas de restauración.
- A meirande parte da madeira utilizada foi conseguida polo alumnado.

- O proceso de rehabilitación foi seguido pola AAF.Rías Baixas de Vigo e RENFE.
- Unha vez rematados tódolos traballos, o vagón amosarase nun pedestal na entrada da estación do ferrocarril de Redondela.



Estación de Redondela. Vagón de mercadorías fabricado no ano 1954 e restaurado por alumnos de terceiro de ESO do IES "Pino Manso" do Porriño.





Estación de Redondela. Imaxes dos traballos de rehabilitación. Alumnos de terceiro de ESO do IES "Pino Manso" do Porriño.





Estación de Redondela. Imaxes dos traballos de rehabilitación. Alumnos de terceiro de ESO do IES "Pino Manso" do Porriño.



10.4. Conservación do patrimonio: visita ó Museo do ferrocarril de Monforte.

Alumnos de terceiro curso da ESO

10.4.Introducción: Xustificación da visita

Esta visita ten como eixo central o achegamento do alumnado a actividades de sensibilización coa preservación do patrimonio. Neste caso os alumnos e alumnas entran en contacto directo co material histórico ferroviario tanto inmobiliario coma material móbil (locomotoras e vagóns).

O atractivo da visita radica no feito de que nos atopamos cara a cara cunha parte do noso pasado a través da contemplación dun material restaurado de xeito maxistral e polo tanto rescatado da súa clara descomposición e perda.

10.4.2. Obxectivos

- Espertar o interese e a responsabilidade na conservación do noso patrimonio histórico.
- Analizar e valorar a influencia do tren no desenvolvemento socioeconómico dos pobos.
- Valorar a importancia e a necesidade do uso dos transportes colectivos.
- Recoñecer os cambios e transformacións que se produciron no ferrocarril como consecuencias dos avances tecnolóxicos e a súa repercusión na sociedade.
- Analizar a problemática dos tempos invertidos nas viaxe, *tren convencional-alta velocidade*.

10.4.3. Sesión preparatoria

Observación por fotografías de diverso material ferroviario: locomotoras, vagóns de mercadorías e pasaxeiros, edificios de estacións e obras de enxeñería diversa de épocas históricas apreciando as peculiaridades de cada unha de elas.

10.4.4. Percorrido

Como é razoable (dentro do contexto do seminario permanente), a viaxe faixe utilizando o tren como medio de transporte dada a nosa proximidade á estación do ferrocarril. Dende o tren pódese gozar dunha paisaxe de alta beleza (xa estudada con anterioridade no seminario permanente “*As comunicacións ferroviarias*”) e de obras de enxeñería e arquitecturas centenarias sobre todo cando se vai polos ribeiras do Miño e o Sil.

A chegada ó punto de destino parece transportarnos a tempos pretéritos sobre todo cando nos atopamos, e mesmo acariciamos esas xoias do pasado. As impecables restauracións levadas a cabo nas locomotoras MIKADO, ALCO 1812 e as chamadas INGLESAS (mostras dos tres tipos de tracción: vapor, diesel e eléctrica) non fan máis que recordarnos que é posible desenvolvemento e o respecto co noso pasado.

10.4.5. Contidos

- Avances tecnolóxicos e a súa incidencia na sociedade.
- Etapas históricas e o consumo das fontes de enerxía ligadas a elas (carbón, petróleo e electricidade) e as súas repercusións no medio natural: abusos no consumo.
- Observación das diferentes pezas que se poñen en xogo en cada máquina e análise da transmisión de forzas en cada unha de elas. Os motores.
- Os Museos como lugares de encontros entre persoas e entre persoas e o seu patrimonio.
- As restauracións como exercicios que van máis alá da mera limpeza de obxectos: restauracións e interrelación anímica.

10.4.6. Actividades posteriores

- Elaboración de paneis expositivos onde se recollan os aspectos máis salientables da historia do ferrocarril.
- Elaboración dunha ficha coas características fundamentais dos distintos tipos de traccións e a súa incidencia no medio.
- Confeccionar diversos murais coas fotografías obtidas ó longo de toda a visita.

10.4.7. Guía da visita: aspectos monumentais

I.E.S. “PINO MANSO” O PORRIÑO



De viaxe polo tempo en tren MONFORTE: TREN GALAICO EXPRESO

1 e 2 de xullo de 2005

Monforte de Lemos é a segunda localidade máis importante da provincia de Lugo. Atópase situada nunha zona definida pola depresión de Monforte, que se prolonga por Bóveda e O Incio. O seu clima encádrase dentro do dominio oceánico-continental, con escasas de precipitacións e tendencia a mediterreneización. O principal río é o Cabe que atravesa o municipio de NL e SO. Ademais de referencias de poboamento en épocas remotas, con vestixios da Idade do Bronce e da Cultura Castrexa, Monforte de Lemos ten un importante pasado medieval, do que se conservan importantes restos.

Ese pasado está ligado aos Condes de Lemos, dende que a principios do século XII Ramón de Borgoña e dona Urraca concederon aos señores de Lemos, a refundación de Monforte. A revolta Irmandiña de mediados do século XV tivo especial virulencia nesta vila. Xa na etapa contemporánea o ferrocarril é un elemento básico no desenvolvemento de Monforte, que comeza a medrar dende a inauguración da liña férrea entre Madrid e a Coruña en 1883. A vila converteuse no principal nó ferroviario de Galicia ao non construírse o proxectado tramo entre Ourense e Zamora, polo que a liña Ourense-Vigo conectouse coa rede nacional a través de Monforte en 1885. Por esta localidade pasaban tódolos viaxeiros e mercadorías que entraban e saían de Galicia.

Museo do Ferrocarril de Galicia.

Está promovido e xestionado pola Fundación dos Ferrocarrís de Galicia. Emprazado nas antigas instalacións ferroviarias, é o máis destacado dos tres museos que se localizan en Galicia relacionados con ferrocarril. Púxose en marcha en 1999. Conta co primeiro depósito de tracción a vapor que existiu en Galicia e unhas amplas instalacións destinadas a almacenar e reparar maquinaria. Destaca tamén o valor das locomotoras e vagóns que conserva. Ten restauradas tres locomotoras que representan a tracción a vapor, diesel e eléctrica. Do material rehabilitado destaca o tren *Galaico Expreso*, un museo vivo e rodante que serve para difundir a historia do ferrocarril.

Colexio de Nosa Señora da Antiga (Colexio da Compañía.)

É un edificio de estilo renacentista na súa variante máis clasicista. Considérase a obra máis destacada en Galicia do clasicismo postherreriano. O colexio foi fundado polo cardeal de Sevilla don Rodrigo de Castro, fillo da condesa de Lemos. Os terreos onde se asenta foron mercados en 1591 e as obras iniciáronse dous anos despois, seguindo planos trazados por varios mestres de obras xesuítas (Andrés Ruíz, Bermudo, Juan de Tolosa e Simón de Monasterio).

Foi consagrado en 1619. O edificio amosa analoxías co Escorial, aínda que con certas diferencias e proporcións máis reducidas. Na fachada principal destácase sobre o resto o tramo que se corresponde coa igrexa, singularizándose cun primeiro corpo almofadado e un xogo de dobres columnas toscanas que enmarcan o van de acceso. Nos extremos da longa fachada sitúanse dúas torres, se ben a fachada foi prolongada durante as obras.

A monumental igrexa amosa unha planta rectangular con catro capelas ós lados comunicadas entre si. No interior a nave está cuberta con bóveda de canón, dispóndose unha gran cúpula central. Esta cúpula amosa a peculiaridade única en Galicia de utilizar un tambor con oito xanelas de medio punto e remate en lanterna de oito vans rectangulares. O conxunto dispón de dous claustros, se ben só un pertence ao primeiro período constructivo. Este claustro clasicista estrutúrase en dous andares con pilastras encaixadas de orden dórica. O segundo claustro realizouse no século XVIII.

O colexio dispón dunha destacada pinacoteca na que se exhiben dous lenzos do Greco: un San Lourenzo e un San Francisco e cinco táboas de Andrea do Sarto: San Xoán Bautista, San Pedro, Santa Inés, Santa Catalina y Santa Margarida.

Torre da homenaxe

Do seu importante pasado medieval conserva destacados restos. O núcleo medieval conformouse arredor dun castelo e dun mosteiro que se atopaban nun estratéxico outeiro, situándose aos seus pés o río Cabe. A torre da homenaxe pertencía á fortaleza dos condes de Lemos, construída entre finais do século XIII e principios do XV. Desta fortaleza aínda permanecen en pé algúns tramos da muralla e tres portas de acceso: Alcazaba, Nova e do Cárcere Vello. A torre segue as características da arquitectura militar medieval e amosa unha planta case cadrada e un remate ameado superior.

O interior divídese en catro andares dispostos cunha estrutura de vigas de madeira apoiados sobre ménsulas e impostas. O interior ilumínase con vans abertos con arcos xeminados. No terceiro andar ábrese unha fermosa ventá de arcos trebolados chamado “da raíña”. Dende os eu remate superior ameado contemplase unha fermosa vista do val de Lemos regado polo río Cabe.

Pazo Condal

O pazo foi reconstruído no século XVIII tras sufrir un devastador incendio e na actualidade só se conserva unha gran casona con portalón do século XVI de arco escarzado, con escudos de armas superiores labrados en mármore branco. O restos do pazo foron restaurados para dedicalo, xunto co mosteiro beneditino a Parador de Turismo.

Mosteiro Benedictino de San Vicente do Pino

A súas orixes remóntanse ao século X. A igrexa é de estilo gótico de transición, con fachada renacentista do século XVI. No interior amosa unha singulares bóvedas de complexas nervaturas. O altar maior é de recargado estilo barroco, cunha interesante pintura relativa á tortura de San Vicente. O mosteiro amosa un claustro e fachada principal de estilo neoclásico. Este mosteiro foi rehabilitado para transformalo en Parador de Turismo.

A Ponte Vella

De posible orixe romana, esta ponte foi reconstruída no último tercio do século XVI. A ponte está composta de seis arcos de medio punto, aínda que dous están tapiados.

Convento de Santa Clara e Museo de Arte Sacra

O convento das Clarisas data do ano 1622 e foi fundando polos condes de Lemos. A súa igrexa inscríbese no eclecticismo de finais do XIX. Alberga un Museo de Arte Sacra cunha das coleccións máis importantes de España, na que se atopan relicarios, crucifixos, custodias, ornamentos litúrxicos, candelabros, etc. Dúas imaxes do escultor barroco Gregorio Fernández e outra atribuída a Juan de Mena.

Convento de San Xacinto (Igrexa de Régoa ou Santo Domingo)

Fundado polos condes de Lemos, don Pedro Fernández de Castro e dona Catalina de la Cerda e Sandoval. O altar maior, obra de Benito González Riobóo, é de estilo barroco. E moi afamado e consérvase en perfecto estado o órgano de principios do século XVIII da igrexa conventual.


Xudería:

A xudería delimitase polas rúas Abelardo Baanante, (coñecida como A Calexa), Falagueira, A rúa Vella, A Zapatería (hoxe coñecida como Travesía da Cárcere Vella), la Praza do Açougue (Praza da Peixería), rúa dos Ferreiros (hoxe parte da Praza de España). Dentro dos restos atópase a casa da Familia dos Gaibores (a familia máis importante xudía). Monforte foi un punto de referencia para os xudeo-conversos, procesando a Inquisición a un número importante nesta localidade.

10.4.8. Imaxes da visita







10.5. PAISAXE E FERROCARRIL: Percorrido polo antigo trazado da vía férrea Valença do Miño – Monçao (Portugal)

Alumnos de primeiro curso da ESO

10.5.1. Introducción: xustificación

Coa referencia e o atractivo da contemplación do ferrocarril doutro país (Portugal) esta visita pretendeu axudar a comprender ó alumnado máis novo do Instituto a paisaxe atlántica dunha zona de amplo val situada a poucos quilómetros do noso centro. Ademais de cuestións relacionadas co vello ferrocarril, a visita á estación de Valença do Miño cun percorrido polas ribeiras do Miño, entre a citada vila e a de Monçao, polo antigo trazado do tren, converteuse nunha magnífica ocasión para explica e comprender a interrelación entre a vexetación, clima, solos, paisaxe, actividades humanas, etc. Tamén se pretende a valoración da cultura do país veciño, tan próxima a nós. Os alumnos e alumnas observaron tamén como a “Ponte Internacional” foi un camiño polo que a sociedade e cultura galego-portuguesa intensificou uns contactos milenarios. A visita ten como base o documento elaborado en seminarios anteriores “Ferrocarril e paisaxe”.

10.5.3. Obxectivos

- Espertar o interese e a curiosidade por coñecer os elementos que diferencian as distintas paisaxes atlánticas.
- Identificar as características propias do medio urbano e do medio rural.
- Recoñecer os cambios e as transformacións que as actividades humanas provocaron na paisaxe.
- Desenvolver técnicas de observación do entorno e de recollida de datos.
- Observar e identificar a flora máis característica deste entorno. Diferenciar as distintas especies de árbores e arbustos.
- Observar e identificar as características xeográficas da zona obxecto da visita.
- Observar e identificar trazos da influencia do clima oceánico na paisaxe.

- Desenvolver técnicas para a utilización de mapas e planos, compás, etc. cos que orientarse nun lugar determinado.
- Valorar a importancia da conservación da memoria histórica, transformando o trazado dun vella liña do ferrocarril en ruta de sendeirismo.
- Espertar a conciencia de conservación do medio e da paisaxe natural.
- Comprender a importancia das vías de comunicación na expansión urbana de vilas e cidades.
- Xerar nos alumnos e alumnas unha actitude de curiosidade e respecto cara á culturas diferentes da súa.
- Valorar a importancia da conservación do patrimonio arquitectónico e natural.

10.5.3. Sesión preparatoria:

Traballo co plano da zona a escala 1:25.000 e 1:50.000 (simplificados), con curvas de niveis mestras, etc. Medición de distancias, elaboración de perfís, etc. Busca de información sobre as características do río Miño no seu curso baixo e os trazos característicos da xeografía que atravesa no tramo final do seu percorrido. Recuperación de conceptos ligados á visita traballados neste curso, como as variantes do clima oceánico, rede hidrográfica, sedimentos, erosión, actividades humanas tradicionais, minifundio, campos pechados ou campos abertos, vexetación e natureza, cultivos tradicionais, etc.

10.5.4. Percorrido

A visita, programada para todo un día, comezou co desprazamento en autobús a Valença do Miño (Portugal) dos alumnos de primeiro da ESO. Nesa localidade visitouse a estación do tren e o museo do ferrocarril con material do século XIX e XX. Percorrido a pé pola senda ecolóxica aberta polo antigo emprazamento da vía do tramo do ferrocarril entre Valença do Miño e Monçao, con paso pola localidades de Ganfei, Verdejo e Friestras. A saída rematou cunha vista ó centro de interpretación da natureza de Nosa Señora da Cabeza.

10.5.5. Contidos

- A memoria histórica: o ferrocarril portugués: un primeiro medio de viaxar a Madrid para os porriñeses e vigueses.
- A “Ponte Internacional”, camiño de enlace de dúas culturas en contacto dende a prehistoria.
- Arquitectura: a fortaleza de Valença, extraordinario e magnífico exemplo de

conservación do patrimonio e imaxe das diferencias existentes en tempos entre dous países que o propio ferrocarril contribuíu a facer desaparecer.

- Arquitectura doméstica portuguesa.
- Especies de árbores e de arbustos características deste entorno.
- O clima oceánico, as súas variantes e a súa influencia na paisaxe.
- O río Miño e os trazos característicos da paisaxe e xeografía deste espacio.

10.5.6. Actividades complementarias

- Trazar sobre un plano simplificado de escala 1:50.000 o percorrido realizado.
- Elaborar un glosario con termos básicos de xeografía relacionados coa visita: pregamento, terraza, erosión, pluviosidade, agricultura extensiva ou intensiva, bancal, aluvión, arbusto, barbeito, biodiversidade, ecosistema, caudal, conca hidrográfica, minifundio, etc.
- Traballo colectivo: elaborar un panel co material fotográfico obtido durante a visita: arquitectura ferroviaria, construción populares, espazos urbanos, paisaxe, vexetación, etc.
- Realizar unha sinxela ficha sobre os principais especies de árbores e arbustos observadas.
- Elaborar un pequeno documento sobre os trazos significativos da cultura do norte de Portugal.
- Comentario escrito no que exprese a súa opinión sobre a transformación dun espacio ferroviario nun espacio de ocio, cando a vella actividade deixou de ser útil.